

Daniel Salgado

Dous poemas sobre *O Capital*

Lendo *O Capital* I

A poalla goberna
a nosa interpretación da actual fase histórica.

Percibimos formas, sombras, lenes figuras
que agochan a composición real da mercadoría,
a derrotada forza de traballo, a cidade
como carne de Leviatán (Chus Pato).

A marabilla dos obxectos redúcese á súa violencia.

Entre nós e as árbores autóctonas media o afán de lucro
e unha singular preferencia polas manufacturas.
Non obstante, é a piedade
a principal característica da materia.

Nada tensa a realidade como un caravel a murchar.

Lendo *O Capital* II

Detonan as enormes
violentas treboidas de Xúpiter.
Non é o cosmos, é agora.

Así os estratos sociais subalternos
irrompen no escenario da historia.

Os movementos da materia esvaecen a vontade
e ao tempo determinan o suxeito.
Estraños fenómenos que alteran a orde do capital.

O combate é desigual pero non retrocedemos.
Tampouco retroceden os gases que envolven o núcleo de pedra.

Sempre hai areas nas engrenaxes
e a elas debemos a idea de liberación.

Nada rompe ata que a máquina se somete.